

Os recursos non son eternos

Víctor F. Freixanes

O debate (e o dilema) está en como facer compatibles por unha banda o crecemento económico, baseado na produción industrial e na explotación dos recursos (tamén dos recursos naturais), e por outra banda o sostemento deses mesmos recursos, a súa conservación e durabilidade, pensando nas novas xeracións, quérese dicir: no futuro. O concepto “crecemento sustentable”, que inspira esta nova entrega de GRIAL coordinada por Uxío Labarta, configúrase, xa que logo, coma un dos grandes desafíos do noso tempo: os recursos naturais non son inesgotables, nin se reproducen espontaneamente; caducan, estiñan, son limitados, e mesmo cunha perspectiva de futuro pode suceder que a nosa vida, incluso a nosa existencia como especie (xa non digamos como cultura) dependen deles.

Interrogamos, pois, o mundo da ciencia e da tecnoloxía, a planificación económica e a ecoloxía, para ver de centrar unha cuestión que consideramos de vital importancia e que, dende ámbitos diversos, vén sensibilizando cada vez maiores espazos de opinión pública. As revolucións industriais do carbón primeiro e do petróleo despois, coas súas respectivas proxeccións de modelos económicos e políticos, configuráronse sobre a explotación deses recursos naturais senón ata esgotalos (aínda) si estreitando cada vez máis a marxe de actuación e de solución posible, fonte de desigualdades e conflitos, algúns deles extraordinariamente próximos. A solución da enerxía atómica, que nalgún momento xurdiu como unha alternativa á escaseza deses recursos naturais (e contra a excesiva dependencia de quen os posuían), produciu durante décadas reaccións cívicas de protesta que mesmo paralizaron o seu desenvolvemento e estudo. Nalgúns casos xa se fala de volver abrir o debate.

A chamada “terceira idade” ou sociedade posindustrial, sociedade das chamadas novas tecnoloxías da información e do coñecemento, reabriu a discusión e un certo horizonte de esperanza, máis teórico que real, segundo se está a ver, arredor da posibilidade de concibir un desenvolvemento posible respectando o medio e os recursos do mesmo. Mais os feitos non sempre cadran coas formulacións teóricas, nin os tempos son os que inicialmente se deseñaron, e as necesidades obxectivas das poboacións (das distintas poboacións

que coexisten no planeta, non todas coas mesmas posibilidades, nin coas mesmas infraestruturas, nin cos mesmos coñecementos) aceleran procesos, imponen prioridades, marcan urxencias, cando non abren decididamente conflitos (por reacción contra situacións de asoballamento e inxustiza) que afectan calquera liña de futuro e, sen dúbida, a condicionan.

Máis modestamente, dende Galicia cómpre tamén esta reflexión. ¿Con que modelo estamos a traballar, se é que estamos a traballar con algún modelo? ¿Que deseño de futuro temos para o noso país, na procura tamén do benestar social e do crecemento?

Os máis maduros da nosa xeración lembran no ano 1956 os conflitos de Castrelo de Miño, cando FENOSA expropia as terras daquel val do Ribeiro, e as argumentacións que daquela se formulaban: ¿ecoloxía contra progreso? ¿Que prezo estamos en condicións de pagar? Con desigual fortuna nas propostas que se facían, algunhas delas certamente revisables, aínda que non faltas de razóns de fondo, o debate continuou en Meirama, coa Autopista do Atlántico, cos varios proxectos de plantas de Celulosa que nalgún momento se deseñaron, coa Alúmina de Cervo, co Superpor-to de Vilagarcía...

Progreso social, crecemento económico, explotación e beneficio industrial, equilibrio ecolóxico, respecto polo contorno natural, aproveitamento axeitado de recursos, cualidade de vida, etc., son cuestións candentes que, de cando en vez, veñen a primeiro plano da actualidade e diante das cales, dende a reflexión e a información, cómpre situarse. Nas sociedades democráticas o debate, aínda aceptando a autoridade dos especialistas e dos técnicos, atinxe a todos os cidadáns, individualmente e a través das institucións que os representan. Contribuír e participar no debate é unha obriga prioritaria dos espazos da expresión da cultura, canto menos tal como en GRIAL a entendemos.

Neste mesmo número incluímos dúas achegas de interese documental: un adianto da correspondencia que Ramón Otero Pedrayo mantivo durante máis de cincuenta anos coa súa nai, Eladía Ramona Pedrayo, e o relato breve ou lembranza que María Esther Vázquez fai da visita que no ano 1964 Jorge Luis Borges e mais ela fixeron en Compostela a Ramón Piñeiro. Viñan de Berlín e de visitar varias cidades europeas, convidados polo Consello Internacional da Cultura, e María Esther, filla de galegos, colaboradora de Borges naquela época, non quiso volver a Buenos Aires sen parar antes en Galicia para que o escritor coñecese o país.

As cartas que Ramón Otero Pedrayo escribe á súa nai constitúen un documento certamente excepcional do que nesta entrega da revista GRIAL damos un primeiro adianto. As profesoras Patricia Arias Chachero e Mónica Pazos Martínez organizaron e anotaron máis de mil cincocentas cartas, dende 1905 ata 1956, poucos meses antes do falecemento de dona Eladía, correspondencia que, axeitadamente comentada, Editorial Galaxia publicará en breve ao abeiro da Fundación Otero Pedrayo.

Con períodos de silencio, que cadran coas etapas nas que nai e fillo moran xuntos, en Trasalba ou en Ourense, a correspondencia entre os dous debulla emocións, situacións, anécdotas, acontecementos, personaxes, que no seu momento, cando poidamos entregala completa, constituirán unha achega de extraordinario valor para a biografía e a intrahistoria oteriana. O primeiro envío que



Otero Pedrayo e a súa nai Eladía
Ramona Pedrayo



María Esther Vázquez

